



Aínda que milleiros de nenos e adultos se divirten en Samaín na noite do 31 de Outubro, moí poucos serán conscientes das antigas raíces Celtas deste festival. Hai 2000 anos na Irlanda Celta, o Samaín era a división do ano entre a época luminosa (verán) e a época sombría (inverno). En Samaín a barreira entre o mundo dos mortais e o máis alá estaba no seu punto máis débil, permitindo aos espíritos atravesala.

Invitábanse os ancestros das familias á casa e honrábanos mentres que se protexían dos espíritos malignos. A xente levaba disfraces e máscaras para camuflarse entre os malos espíritos e así evitar o meigallo. As cacharelas e as enchentes xogaban un papel importante na festividade. Botábanse os ósos do gando sacrificado na cacharela común, apagaban as lareiras das casas e volvían a prendelas coas lapas da cacharela. A comida preparábase tanto para os vivos como para os mortos e a comida que os antepasados non estaban en condicións de consumir era tradicionalmente compartida cos máis desfavorecidos.

O cristianismo incorporou o día de honrar a todos os mortos dentro do seu calendario converténdoo no Día de Todos os Santos (*All Hallows*) o 1 de Novembro, seguido polo Día das Ánimas no 2 de Novembro. O uso de disfraces e máscaras para espantar o meigallo sobreviviu coma costume de Halloween. Os Irlandeses emigraron en masa a América durante o século XIX, especialmente na época de fame derivada da peste da pataca durante a década do 1840, e levaron con eles a tradición do Samaín, convertendoa nunha das máis importantes do ano. Co paso do tempo, outras tradicións mesturáronse co Halloween, como por exemplo a de talar cabazas na época de colleita.